

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASETE DE DECEMBRO DE 2007, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA  
Concelleiros D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS  
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS  
D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>: M<sup>a</sup>. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA  
D<sup>a</sup>. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA  
Escusan asitencia: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
D<sup>a</sup>: MARGARITA DEVESA CARDELLE

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día dezasete de decembro de dous mil sete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25/10/2007)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e cinco de outubro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Acordo, se procede, sobre o Orzamento Municipal para o exercicio 2008.

Retírase este punto para o Pleno do día 27-12-2007

3º.- Comparecencia do concelleiro don José Antonio Sánchez de la Fuente, por acordo do Pleno en sesión de data 15 de novembro de 2007.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que antes de someterse ás preguntas que lle queiran formular os grupos, quere manifestar o seguinte:

1º.- que para el non existe ningún "conflicto" na asignación de horas do pavillón municipal ao Club Olímpico San Fins, polo tanto, cree que se trata dun asunto artificial, alimentado neste caso polo BNG, nunha utilización "retorcida" do ROF, coa única finalidade de sacar réditos políticos. Parece que somos moi "regulamentistas" cando convén, pero esquecémonos del cando non nos favorece.

2º.- que a adxudicación das horas do pavillón fíxose en función da dispoñibilidade de horas libres logo da elaboración da programación municipal, ofertándolle todas as que quedaban ao Clube Olímpico.

3º.- que se o que queren e cesuralo a él, a responsabilidade que ostento é por delegación da alcaldía; a dita función é, ademais, solidaria coa dos compañeiros da Xunta de Goberno Local que é onde se discuten e acordan os asuntos.

A Presidencia da turno.

D. Rogelio Lema intervéñ polo gurpo PP e expón a súa perplexidade por ter chegado a esta situación. Dí que o Club ten moitos socios, acada premios e leva por toda a xeografía o nome de Vedra polo que non entende que non se lle dea prioridade e, nembargantes, se prioriza a actividade municipal cando o dito club inclúe parte desa actividade. Pregunta polas razóns que xustifican ese trato ao Club Olímpico.

Dona Xosefina Guitián, do grupo BNG, expón que non está de acordo coa intervención do Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE e que ela sempre foi escrupulosa co uso do ROF.

Dí que se lle informou que primeiro estaba o Concello e despois os Clubs e dí que tanto as instalacións deportivas como as demais municipais non son de uso exclusivo do Concello e así o dí a Lei. Segue dicindo que só hai tres asociacións con escolas deportivas no Concello e non entende o conflito coa única que solicita o uso do pavillón en función das súas necesidades e que non se chegue a un entendemento, engadindo que pode ser incompetencia ou mala fé e pregunta:

1º.- Cantas escolas deportivas consta que existen no concello? Cantas delas solicitaron o uso do pavillón?

2º.- Cando abre o concello o prazo legal de solicitude de uso das instalacións deportivas?

3º.- É certo ou non que o Club Olímpico de Vedra se puxo en contacto cos responsables municipais dende xuño do 2005 para dar a coñecer o proxecto do club, e que o volveu a facer cada temporada dende entón antes do verán?

4º.- É certo ou non que o Club Olímpico de Vedra ven facendo a mesma actividade de deporte federado en fútbol e atletismo dende aquela temporada 2005 ata hoxe, e que por tanto non se pode alegar descoñecemento das demandas existentes no concello por parte dos responsables do goberno?

5º.- no convenio asinado en xuño de 2005 coa Escola Deportiva Ribadulla, e renovado dende entón anualmente, sinálase que é obxecto deste convenio o fomento do asociacionismo e do deporte dentro do colectivo de rapaces en idade escolar; cal é a diferenza que existe por tanto entre a

Escola Deportiva Ribadulla, a Escola Deportiva do San Mamede e o Club Olímpico de Vedra, para asinarse un convenio especialmente vantaxoso só coa primeira (4.000 euros), mentres as restantes recibiron 3.210 e 2.000 euros (CD San Mamede) e 500 euros (C O Vedra).

O Sr. Alvela de TEGA expón que algunhas preguntas do seu grupo xa as formulou o BNG pero que vendo a cronoloxía das solicitudes dos clubs se ve que existe algo extraño; considera que cunha política equivocada foron facéndose actividades paralelas marxinando ao Club Olímpico e dí que deben apoiarse as iniciativas privada e fai mención do que no seu día xa expuxo en canto á concesión de subvencións, en donde se debe buscar a eficacia entre outros e pide encarecidamente que se busque un entendemento neste caso e tamén coas demais solicitudes.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón as liñas de actuación do grupo de goberno con respecto ás actividades deportivas e dí que:

1º.- O Club Olímpico solicitou o seguinte horario ( luns de 17:00 a 20:00, martes de 17:00 a 19:00, mércores de 17:00 a 20:00, xoves de 17:00 a 19:00 e venres de 19:00 a 20:00) e o concello ofertoulle o seguinte ( luns de 18:00 a 20:00, martes de 19:00 a 20:00, mércores de 17:00 a 19:00, xoves de 19:00 a 21:00 e venres de 19:00 a 20:00). A maiores do anterior ofertáronselle tres horas mais os luns, martes e venres.

En resumo, o club pideu 11 horas en total e dende o concello ofertáronselle 10 horas. O número de horas solicitado polo club é moi superior ao que disfrutou na pasada campaña, descoñecendo dende o concello cal é o motivo polo que o club trasladou a Vedra a actividade de fútbol sala que o pasado ano impartía en Lestedo.

Do anterior queda claro que dende o concello se fixo todo o posible, tendo en contra precisamente o interés que nos merece a actividade que presta o club, para satisfacer a súa demanda; tamén se pode apreciar que nunha boa parte a oferta do concello coincide coa demanda do club.

2º.- na primeira parte da miña intervención fixen alusión a que ao club se lle ofertaron todas as horas libres na franxa horaria que a eles interesaba logo da elaboración polos técnicos municipais da programación municipal; sobre esta última cómpre recordar o seguinte: o concello mantén dende hai varios anos unha oferta de escolas deportivas a prezos que entendemos asequibles para todo o mundo, en concreto 25 € tempada, co cal se garante que ninguén quedará excluído da práctica deportiva por motivos económicos (lembrar tamén que para os que non poidan pagar sequera eses 25 euros, que sempre habería posibilidade de eximir do pago da taxa previo informe do departamento de Servizos Sociais). As escolas véñense impartindo por monitores municipais que contan co nivel formativo e de titulación que esixen as normas o cal, á súa vez, acredita a súa aptitude para a función que desenvolve. Esta é unha cuestión moi importante porque se trata dun traballo cos mais novos, nunhas idades na que estes están en plena etapa formativa o que implica un plus de responsabilidade. En concreto, na actualidade o monitor é licenciado INEF e a monitora e Técnica deportiva.

3º.- As escolas deportivas puxéronse en marcha hai mais de 8 anos, concretamente no ano 1999, na etapa dun goberno de coalición entre o PSOE e o BNG, sendo o concelleiro deste grupo político un dos seus principais impulsores. Nese mesmo ano debatiuse, en sesión plenaria do 10 de setembro, o regulamento de utilización de instalacións deportivas que foi aprobado cos votos a favor dos grupos do PSdeG-PSOE, o BNG, AVIVE (do que daquela formaba parte o Sr. Costa) e coa abstención do PP (que manifestou que era favorable ao regulamento aínda que a súa tramitación lle parecía precipitada).

Esa norma fixa, entre outras, o réxime de utilización do pavillón municipal e establece as precedencias no seu uso e na organización das actividades. Dende a aprobación do regulamento o concello limitouse a aplicalo. Se calquera dos grupos quere que se incumpla ou que se derroque, que o diga ou que o proponha.

Don Rogelio Lema, do grupo PP, dí que a oferta deportiva do Concello é errónea e que se oferta sen que exista demanda, así mesmo que as cantidades que se conceden ao Club son case ridículas programándose por parte do concello actividades paralelas só para supostos usuarios polo que reclama un apoio económico serio ao deporte para que se practique en forma digna. Tamén pregunta pola situación das instalacións e das cantidades que se presupostaron. Dí ademais que o club ten dereito a entrenar en Vedra porque son de Vedra.

Dª Xosefina Guitián, do BNG, solicita do grupo de goberno que teña iniciativas e se non que non estorbe, pide que se colabore co Club Olímpico e senón que non se obstaculice porque que moitas das cousas que ese club solicita nos seus escritos pódense levar a cabo sen maior problema.

O Sr. Alvela, do TEGA, expón que os escritos do Club son a antítesis do exposto polo Sr. Sánchez e que os horarios non cadran e volve a reiterar a solicitude de apoio do Concello para estas actividades e que se colabore co club.

O Sr. Sánchez expón que o Concello en canto a deporte traballa en varias direccións. Que se solicitaron a cultura 200.000 euros que foron denegados e solicita o apoio do BNG. Tamén solicita aos grupos que presenten propostas e que serán estudadas. En canto ao espírito de colaboración dí que o hai e que comprende que poida ser maior, non obstante que hai dúas cuestións diferentes por unha parte a actividade municipal con escolas públicas en condicións de legalidade e igualdade para o seu acceso, que é diferente á actividade dunha asociación privada que lóxicamente non pode ser o mesmo que a pública.

Como última parte da miña intervención, quixera deixar matizadas unha serie de cuestións:

1º.- Nin a promoción da práctica do deporte, nin o réxime de utilización dos bens públicos, nin a autonomía no exercicio das competencias propias, nin as facultades de autoorganización delas son dereitos negociables.

En todo caso, o que se sinta discriminado por unha actuación pública, sempre ten a posibilidade de acudir aos tribunais na defensa dos seus intereses.

2º.- Sinalar tamén que pese ás descalificacións recibidas nunca tivemos a tentación de tomar "represalias", o club foi beneficiario de axudas económicas nos anos 2005 e 2006 e neste ano o concello colaborou con 1.500€ nos gastos da carreira que organiza o club. Igualmente na tempada 2005-2006 o monitor deportivo municipal estivo impartindo para os alumnos do club a actividade de atletismo sen coste algún para eles. Mediante convenio disfrutaron igualmente de gratuidade no uso das instalacións.

3º.- Recordarlles que na prestación dos servizos públicos hai dúas modalidades de xestión: a prestación directa dos servizos ou a indirecta, mediante as fórmulas previstas na lei: concesión, xestión interesada, concerto, arrendamento, ...de acordo co disposto no artigo 85.4 da Lrbrl, ata o de agora o concello de Vedra está a prestar o servizo directamente, agora ben, se calquera grupo político da corporación entende que se debería cambiar, que faga a correspondente proposta; dende o goberno estudaremos e valoraremos esa eventual iniciativa con todo interese.

Xa que se solicitou a miña comparecencia nun caso inédito dende que eu formo parte da corporación, agora son eu o que lle solicito a todos os grupos da oposición que propoñan o modelo que lles parece mais axeitado para o fomento e a promoción da práctica do deporte en Vedra .

Finalmente gustaríame deixar enriba da mesa unha serie de cuestións:

É tan grave a cuestión como para facer comparecer ao concelleiro de deportes perante o pleno, ou puidera haberse arreglado o tema cunha simple chamada de teléfono? A comparecencia solicítase co obxecto de obter información para o lexítimo exercicio de control que lle corresponde á oposición ou simplemente é unha forma de "poñer en apuros ao goberno"? É para desgastar ou para controlar?

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos

